

Ler para saber A CIENCIA

Charlas e obradoiros de divulgación científica dirixidos a nenas e nenos,
a partir de 10 anos, adolescentes e para público en xeral

Lugar: Biblioteca Central Rialeda. Perillo
Horario: 18:30 h

Ola, son **Francisco Armesto Ramón**

e o 14/03/2014 estarei en **Rialeda**

coa charla titulada


**“Imos falar de ovos:
a reprodución ovípara dos animais”**

nesta sinxela guía podes consultar algúns libros e
dvd que a biblioteca seleccionou para ti
relacionados cos animais!!!



“Busca los animales de tu ciudad”, de P. Rovira e F. Arredondo


As vilas e cidades agochan un montón de segredos. En moitas deles viven numerosos animais que soen pasar desapercibidos. Outros non tanto. Descúbreos neste libro: gatos, cans, aves, roedores, peixes, insectos, etc.



“Abzoo: abecedario zoológico”, de Lucho Rodríguez

Estupendas ilustracións dun total de 27 animais organizados por orde alfabética. Ao carón de cada un deles ofrece unha sinxela información coas súas características principais.


Sabías que o avestruz é a maior ave de todas as que viven?, e que o elefante é o animal terrestre máis grande do mundo?




“O meu pequeno animalario: a xungla e a sabana”, de F. Chiapponi

Hiena, león, elefante, cebra, xirafa, rinoceronte, gacela, guepardo, leopardo, boa esmeralda, xaguar, papagaio, tucano, tigre, gorila, chimpancé, iguana verde e pantera negra: son os animais que aparecen “retratados” neste libro.

Cada un coa súa ficha que dá información moi concisa respostando a preguntas clave: Quen é?, Como vive?, Que come?, Cal é o seu comportamento?






“Principios integrales de zoología” de C. P. Hickman

Manual universitario e obra de referencia fundamental para estudantes de bioloxía e veterinaria. Tamén para aquelas persoas que queiran profundizar no estudo da vida animal, desde a orixe e a química da vida a ecoloxía animal. Conta con moitos apoios didácticos: prólogo en cada capítulo; bibliografía comentada, notas aclaratorias, resúmenes, cuestionario de autoavaliación e glosario.

“La vida de las aves” (DVD)

As donas dos ceos son as protagonistas destes 3 dvd. A vida destes animais é fascinante: pensemos que voar cun ovo no interior do corpo é un inmenso esforzo. As femias libéranse desta carga no momento da posta. Este “parto” ten lugar nos sitios máis dispares. Despois comeza a perigosa e fráxil tarefa do coidado das crías.



“La gran enciclopedia de los mamíferos”, de David Macdonald

Obra extensa que ofrece moita información dun gran número de especies, máis de 4000. Estupendas fotografías, ilustracións, mapas de distribución etc. Cada capítulo describe a anatomía, alimentación, distribución, conduta dunha especie ou grupo de mamíferos.

“As marcas dos animais” de Geneviève de Becker

O seres humanos somos moi curiosos: queremos saber todo dos animais, e como non, cal é o máis rápido, quen ten a mellor vista, o mellor olfato, o que vive máis, o que menos, o máis alto... Por exemplo, o peixe lúca bate a marca de número de ovos postos en cada desova: 300 millóns.

